

Cangas a 29 de xullo de 2026

Estimados pais/nais de alumnos/as:

A Dirección do centro quere informaros da *ORDE do 22 de xuño de 2026 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a **concesión dunha axuda económica ás familias usuarias dos comedores escolares** dos centros docentes sostidos con fondos públicos non xestionados pola Consellería e se procede á súa convocatoria para o curso escolar 2025/26* (código de procedemento ED601C). <https://www.xunta.gal/>

Poderán ser beneficiarias da axuda as persoas proxenitoras e as persoas titoras ou representantes legais do alumnado matriculado no curso 2025/26, nos niveis de **segundo ciclo de Educación Infantil e Educación Primaria** dos centros docentes sustentados con fondos públicos non universitarios do alumnado usuario dun comedor escolar non xestionado nin directa nin indirectamente pola Consellería de Educación. O alumnado deberá ser usuario do servizo de comedor escolar do centro no que se atope matriculado, **con asistencia, polo menos, do 40 % dos días lectivos durante o curso escolar 2025/26.**

Así mesmo, as persoas beneficiarias teñen que cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Todos os requisitos deberán reunirse no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A axuda consistirá nunha achega económica de **pagamento único de 150 € por cada filla ou fillo usuaria/o do comedor escolar para aquelas familias con renda per cápita da unidade familiar igual ou inferior a 6.000 €.**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado de solicitude, anexo I, código de procedemento ED601C, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/es/>. A solicitude será única para todos os fillas e fillos e, de ser o caso, tuteladas e tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2025/26. O prazo para a presentación de solicitudes **iniciarase o 6 de xullo e rematará o 6 de agosto de 2026.**

Aquelas familias que cumpran os requisitos da orde, deberán solicitar á secretaría do centro (admin.cangas.cvc@casadelavirgen.es) o **Anexo II de Declaración responsable do xestor do comedor escolar antes do 11 de xullo**, co fin de poder entregalos ao seu correo electrónico e poidan achegalo a súa solicitude. **En dito correo debe vir detallado o nome e apellidos do alumno, DNI se houbese e curso.**

Lembrámosvos que o centro permanecerá pechado a partires do 23 de xullo.

Atentamente.

A DIRECCIÓN